

SONETOS DE AMOR E MORTE

¿Por que non esmorece nunca o lume
que me acendiche tu na primavera,
por que é xa gasto o vrao e non modera
tanta calor a choiva do costume?

¡Amor, amor, amor que me consume
docísimo e terrible e non me altera,
lapa irascible transparente austera
que non encontra xa de que erguer fume!

¿Canto han de estar os ollos meus pousados
en ti pra se cansaren, canto inverno
terá que vir pra que arrefría a lapa?

¿Non son a cinza os guizos condenados?
¿Quizais non todo anoxa ser eterno?
¿Talvez hai algo que á extinción escapa?

Se diante dela cesa o mal presente
e despois dela xa non hai futuro,
¿por que ás veces a teme algún prudente
xabaril do rabaño de Epicuro?

¿Por que o baleiro nos porá respecto
coma se fose un monstro e existise?
¿Por que esquencemos que é tan só un concepto,
por máis que a intelixencia nos avise?

¡Ai si, pero pensar en non ter nunca
diante ou detrás dos ollos a luz túa,
non é tan só unha vida que se trunca
e unha nada en que nada continúa!

Morte non é que todo fique á parte:
morte é non verte nin poder lembrarte.

Mestúrense os meus ósos cos teus ósos
seña onde for, e seña esquencidos,
mais separados non, os nomes nosos,
nin os corpos que arderan confundidos.

Seña cinza esta lapa, pero xunta;
seña frío este amor, pero contigo;
e anque a vontade esteña xa defunta,
compartan os seus restos sitio exíguo.

E veñan cen invernos e desgasten
a nosa tomba e boten os residuos,
e ardan ó sol de novo e non se afasten
os que ansiaban non seren individuos,

e sigan eles desque acabe todo
xuntos en terra, en herba, en cinza, en lodo.

Quero vivir os días que descerno
coma un porco montés, e ter memoria
de todo o que era cousa transitoria
e algunha vez imaxinei eterno.

Quero vivir en ti deica un inverno
de lume extremo após dunha victoria
do que é común, que deite algunha gloria
sobre a derrota que pra nós descerno.

Quero vivir e percorrer incendios
ardendo en ti coma unha besta alada,
deitando en ti meus últimos dispendios.

Escoita, escoita, amor, a voz do amigo,
daquel que é mestre e irmao e camarada
con cuxas verbas eu a ti che digo

quero vivir, amor, pra que teñamos
lareira e viño en crepúsculos de rosas
e distantes estandartes,
derradeira pousada no camiño sen volta.

Canto se foi perdendo e é borralla
no corazón, e canta pesadume
dalgunhas horas negras nos entume
toda a vontade igual ca unha mortalla;

pero tamén canto fulgor se espalla
na relembranza, e canto bon perfume,
cando a memoria acende certo lume
de amadas pedras que atesoura e talla.

Ouh perfumadas cousas de noutrora
que nos alcanzan coma un doce e forte
torbón de choiva ou mel que nos conforta,

memoria clara vívida sonora,
limpa esquencida de tristeza e morte,
que algunhas veces chama á nosa porta.

Amor, amor, é doce estar contigo
por máis que o vento mouro me acovarde
tantas veces os ollos cada tarde
que entre escuras lembranzas me apouvido.

Deixa que esteña así no teu abrigo
mirando a dentro, déixame que agarde
choiva pra esta borrea que en min arde
con fume canso o mesmo ca un castigo.

Cúrame as chagas, lámbeme coa lingua,
doce pantera, doce olor de carne
que me resgatas desta negra incuria,

e ábrete ó lume novo que na ingua
se me enguedella, e déixalle que esfarne
sobre o teu cálix todo amor e anguria.